



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 1e.vi / PD

Legumes de calidade

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común.
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (art. 41 ao 44).

NORMAS ESPECÍFICAS

- ◆ Se concederá unha axuda asociada voluntaria (previa solicitude) aos agricultores que produzan legumes de calidade con destino á alimentación humana.
- ◆ Se considerarán legumes de calidade as seguintes:
 - a) Garavanzo, lentella e xudía cultivados no marco da Agricultura Ecolóxica.
 - b) As xudías para gran cultivadas baixo a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) “Faba de Lourenzá”.
- ◆ Condicións:
 - a) Os solicitantes han de estar inscritos ou en proceso de inscrición, no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), ou na Indicación Xeográfica Protexida (IXP) “Faba de Lourenzá” á data de finalización do prazo de presentación da solicitude única.
 - b) A produción ha de realizarse nas superficies elixibles rexistradas, ou en trámite de rexistro, no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), ou na Indicación Xeográfica Protexida (IGP) “Faba de Lourenzá”.
 - c) Cultivar con estas especies unha superficie mínima de 0,5 ha en sistema de regadío ou de 1 ha en sistema de secaño.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

